

1. RESPONSABLE DO TRATAMENTO E DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS (DPO).

O responsable do tratamento dos Datos de Carácter Persoal que nos achegue a través do sitio web é LA PREVISIÓN MALLORQUINA DE SEGUROS, S. A. (no sucesivo, «PREVISIÓN MALLORQUINA»), con domicilio en calle Aribau 168-170, entresuelo 1.ª (08036 Barcelona).

Vde. pode contactar co noso delegado de Protección de Datos (DPO) no seguinte enderezo: calle Aribau 168-170, entresuelo 1.ª (08036 Barcelona), ou no enderezo electrónico sac@previsionmallorquina.com.

2. CON QUE FINALIDADE TRATARÁ LA PREVISIÓN MALLORQUINA DE SEGUROS OS DATOS PERSOAIS DO USUARIO E DURANTE CANTO TEMPO?

Os datos persoais facilitados a través do sitio web serán tratados por PREVISIÓN MALLORQUINA coa finalidade de participar nos procesos de selección presentes ou futuros que realice, así como de avaliar a citada candidatura nos procesos de selección de persoal, cando o usuario remita o seu *curriculum vitae* a través do formulario «emprego». Os datos do usuario serán conservados con ese fin ata que este se opoña ou revogue o seu consentimento.

3. QUE DATOS DO USUARIO TRATARÁ LA PREVISIÓN MALLORQUINA DE SEGUROS?

PREVISIÓN MALLORQUINA tratará as seguintes categorías de datos do usuario:

- Datos identificadores: nome, apelidos e DNI.
- Datos de contacto: enderezo postal, enderezo de correo electrónico e teléfono.
- Datos relativos á formación e á experiencia profesional.

4. CAL É A LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO DOS DATOS DO USUARIO?

Para avaliar a candidatura nos procesos de selección de persoal, cando o usuario remita o seu *curriculum vitae* a través do formulario «emprego», a base de lexitimación será o consentimento do interesado.

5. A QUE DESTINATARIOS SE LLES COMUNICARÁN OS DATOS DO USUARIO?

PREVISIÓN MALLORQUINA non lles cederá en ningún caso os datos a terceiros, salvo que sexa necesario en cumprimento da lei ou perante os organismos administrativos ou xudiciais previstos polo ordenamento xurídico español ou sexa necesario para a prestación de servizos; en tal suposto, ditos provedores quedarán suxeitos á obriga de confidencialidade e ás demais obrigas establecidas pola normativa de Protección de Datos.

6. EJERCICIO DE DEREITOS.

6.1. O usuario pode enviarlle un escrito ao DPO, a través dos enderezos postal e electrónico indicados, coa referencia «Protección de Datos», en calquera momento e de maneira gratuíta, para:

- Revogar os consentimentos outorgados.
- Obter confirmación acerca de vostede en PREVISIÓN MALLORQUINA se están tratando datos persoais que lle concirnen ao usuario ou non.
- Acceder aos seus datos persoais.
- Rectificar os datos inexactos ou incompletos.

- Solicitar a supresión dos seus datos cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para as finalidades para as cales foron recollidos.
- Obter de PREVISIÓN MALLORQUINA a limitación do tratamento dos datos cando se cumpra algunha das condicións previstas na normativa de Protección de Datos.
- Solicitar a portabilidade dos seus datos no seu caso.

6.2. O usuario poderá reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos, a través da súa sede electrónica, ou do seguinte enderezo postal, calle Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, cando o interesado considere que PREVISIÓN MALLORQUINA vulnerou os dereitos que lle son recoñecidos pola normativa aplicable en Protección de Datos.

6.3. Sen prexuízo do anterior, o interesado poderá pórse en contacto co delegado de Protección de Datos de PREVISIÓN MALLORQUINA cuxos datos de contacto se indicaron no primeiro apartado.